

ÁMBITO	
Localidade	Barcelona
Comarca	Emigración
Lugar de realización	Espai Mallorca

7 de maio
Espai Mallorca
18:00
11 persoas (2 non militantes)

Nunha primeira rolda de conceptos rápidos sobre o bloque a tratar propónse efectuar un análise DAFO da cuestión.

As conclusións no apartado interno (debilidades e fortalezas) e que sendo obvia a desconexión electoral actual, movémonos nun contexto de desinformación masivo cuns medios de comunicación en contra a priori, cun fracaso até o de ágora da lóxica dialéctica estado-nación nun País cunha baixa conciencia nacional, o nacionalismo dividido e nunha organización con baixa autoestima, e a que lle custa adaptarse, e que se vexa definida de cara a fóra a súa posición ideolóxica.

Pola contra, temos importantísimas fortalezas que garanten o noso futuro, a primeira unha militancia comprometida, amais dun compromiso inquebrantábel cos problemas sociais do País. Atesoramos un forte e plural capital humano e político, e contamos cunha Portavoz Nacional e candidata a Presidencia da xunta que é un dos mellores valores nos que conta coa actualidade.

No que atinxe as cuestións externas (ameazas e oportunidades), apúntase o risco de ser pouco efectivos no noso traballo, e que este remate por non valer para nada, tamén o intitucionalismo apúntase como ameaza así como o risco de non acompañarnos a modernidade no desenvolvemento da nosa acción política, dado que xunto a situación política xerada polas escisións, a intencionalidade nos medios de comunicación que nos invisibilizan e o proceso de globalización mundial, todo isto deriva no negativismo e na desconexión coa nosa base social.

Pola súa banda as oportunidades aparecen a moitos niveis, a primeira é o entorno no que desenvolvemos a nosa actividade política dende a perspectiva das condicións obxectivas, a limitación de dereitos dende o Estado amais a crise económica é unha oportunidade de radicalizar para visibilizar a importancia das nosas propostas neste contexto. Asemade non podemos esquecer que a pesar da baixa conciencia nacional galega tamén é moi limitado o sentimento de españolidade.

Apuntase tamén que existen grandes oportunidades de aplicar na nosa acción política máis innovación, positivismo e humor, así como establecer unha maior coordinación co sindicalismo nacionalista.

Nesta liña, faise unha nova rolda de cuestionamentos sobre as vías a seguir, resultando nunha chamada a aproveitar a realidade galega actual, analizándoa antes con profundidade, aprendendo do pasado e máis de experiencias políticas noutros países, non só da nosa área e con loitas similares. Faise preciso asemade xerar políticas que permitan repatriar capital humano.

Apúntase tamén como é preciso analizar tamén a efectividade do noso traballo, renunciando a prácticas que non cumpren os obxectivos marcados, buscando sempre a coherencia nas accións para xerar unha ferramenta válida e con credibilidade, pero que ademais de todo isto, ten que ser ambiciosa nos seus obxectivos.

29 de maio
Espai Mallorca, Barcelona
14:00
8 persoas (2 simpatizantes)

No derradeiro bloque trátanse as cuestións relativas a participación, avaliando a redución desta como este non é un problema exclusivo do BNG, senón de moitas organizacións do noso espectro ideolóxico, ademais, a pesares de que se mantivera un alto grado de mobilización, o noso traballo resulta na práctica pouco efectivo no que respecta a influencia social o mesmo, isto combínase cun cansazo xeralizado da poboación na política activa. Tamén se valora como as redes sociais solapan o concepto de militancia a ve que revela que esta baixada da participación tradicional combínase co aumentos doutros xeitos participación política, tamén froito de circunstancias persoais cada vez máis difíciles que xeran falta de tempo para adicarlle.

Para resolver esta cuestión, apúntase a necesidade de comezar por unha planificación extensiva do traballo, asumindo que te que haber varias vías e graos de participación e nesa liña deseñar metodoloxías novas e claras con tarefas definidas a todos os militantes.

Ademais disto e preciso des glosar nesta planificación o referente a comunicación, a participación e a formación, todo isto incidindo na política de proximidade persoal.

Estes puntos son básicos para poder xerar atractivo na participación político no BNG, combinado cun cambio de modelo de asembleas, que as faga máis executivas e menos deliberativas.

No tocante ao xeito de organizarse, delimítase a necesidade de centrarse naqueles sectores de poboación susceptíbeis de achegarse a nós e sentirse atraída polo noso proxecto, amais de neutralizar asembleariamente os intentos de arribismo que acabar por xerar desrepresentación.

E preciso ao mesmo tempo valorar a participación a todos os niveis, tanto da militancia organizada dentro da Fronte coma a que non o está, e incidir a todos estes niveis nunha formación máis extensa que permita consolidar un discurso de clase e transformador a vez que a Fronte se se torne máis aberta e adaptada os tempos.